

ΔΙΔΑΓΜΑ

A'

- | | |
|---|---|
| 1 | Prólogo |
| 2 | A orixe da lingua grega |
| 3 | Xeografía do mundo grego na Antigüidade |

ΒΛΕΠΕ!

Este Tema desenvolverase a través de tres presentacións que, como todas as do curso, están dispoñibles no curso *Grego I* da Aula Virtual do Centro:

1. **Τί ἑλληνικά;** ("Por que o grego?"): nela explícase a importancia da lingua e civilización gregas para a nosa cultura.



2. **Ιστορία τῆς ἑλληνικῆς γλῶσσας** ("Historia da lingua grega"): con ela veremos a orixe da lingua dos gregos, a familia á que pertence, a súa fragmentación dialectal e a súa evolución a través do tempo.

3. **Χορωγραφεῖα τῆς Παλαιάς Ἑλλάδος** ("Xeografía da Antiga Grecia"): mediante esta presentación coñeceremos o ámbito territorial que chegaron a ocupar os antigos gregos, máis amplo que o correspondente á Grecia actual.



ἘΡΓΕ!

Como exercicio, deberás **entregar unha redacción** na que resumas as túas impresións do visionado da primeira presentación: **Τί ἑλληνικά;** ("Por que o grego?"). Nela incluírás, como apéndice, unha lista de, **polo menos, unha palabra actual** que se forme a partir de cada unha das palabras gregas citadas na presentación.

Ademais, deberás **cumprimentar o Cuestionario** que tes á túa disposición no Curso *Grego I* da Aula Virtual do Centro.